

RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DE ADQUIRENTES EN SEGUNDAS OU POSTERIORES TRANSMISIÓNS

EXPEDIENTE:	<u>C88030E:223</u>
SITUACIÓN:	<u>Rua Estocolmo 10, 3º C - SANTIAGO</u>

Por resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de A Coruña de data 17 de febreiro de 2021 iniciouse o proceso de selección de persoas adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública pertencente ao expediente C88030E:223, ao abeiro do establecido no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas.

Co obxecto de seleccionar as persoas adquirentes para a dita vivenda, esta foille ofertada a través da páxina web do Instituto Galego da Vivenda e Solo ás persoas que, atopándose inscritas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web.

Consonte ao establecido no artigo 31 do citado Decreto 1/2010, o pasado día 04 de maio de 2021 celebrouse sorteo ante notario entre as persoas que no prazo citado no parágrafo anterior presentaron solicitude de inclusión no procedemento de selección. Como consecuencia do dito sorteo e unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos para ser designado adquirente, a xefa territorial da Coruña mediante resolución do 07/05/2021 declarou adquirente a adxudicataria provisional Dna. M^o Begoña Suárez Novo con credencial 88646, a cal renunciou á dita vivenda mediante escrito do 12/09/2021.

Continuando coa xestión da lista de reservas, figura como primeiro integrante da lista D. Italo Andrés Pendola con credencial 96516 o cal cumpre cos requisitos esixidos para ser designado adquirente

Por todo o anteriormente exposto, a xefa territorial ACORDA:

Aceptar a renuncia de Dna. M^a Begoña Suárez Novo (n^o credencial 88646) e declarar adquirente a Don Italo Andrés Pendola (n^o credencial 96516)

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso de alzada no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao de recepción da presente notificación perante a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de conformidade co previsto no artigo 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A xefa territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
Cristina Carrión Rodríguez
(Asinado electronicamente).

